

1. CONCEPTO

A idea matriz deste curso é achegar a sétima arte a todas aquelas persoas que o desexen. O feito de poder usar a cámara no modo Manual no canto do Automático e aproveitar así todos os recursos de cantos dispón, conleva unha sorprendente mellora nas imaxes e no disfrute á hora de fotografar.

2. A QUEN VAI DIRIXIDO

A quen dispoña ou poida dispor dunha cámara reflex dixital ou compacta con controles manuais e que teña interese en sacarlle todo o proveito, sen importar idade nin nivel de coñecementos previos. Asimesmo, eu teño 4 cámaras que podería facilitar durante as clases.

3. DURACIÓN E DESENROLO DO CURSO

O curso prolongarase durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2020: + 2 horas semanais (o día acordarémolo a posteriori) en 12 sesións. Estas dúas horas están compostas por unha parte teórica e outra práctica. Asimesmo, propóñense exercicios dunha semán prá outra, de cara a afianzar contidos, os cales son correxidos unha por unha ao comezo da vindeira clase.

Dada as experiencias dos outros cursos que impartín, decidín aumentarlle un mes (pasamos de 2 a 3 meses de duración) pra poder facer máis parte práctica e que o aprendizaxe sexa maior. Ao rematar o curso, organizarase un concurso e/ou unha exposición, do cal formaremos parte do xurado 3 persoas; a poder ser, 2 fotógrafas e unha representante pola vosa parte. Os premios, normalmente, son financiados por algunha tenda de fotografía que desexe colaborar.

4. MATERIAL QUE SE PRECISA PARA AS CLASES

Unha aula con 15 sillas, cunha temperatura aceptable, rede eléctrica e un proxector.

5. TEMARIO

Documento adxunto a este correo.

6. NÚMERO MÍNIMO E MÁXIMO DE ALUMNAS E PREZO

O mínimo de asistentes para formar grupo será de 10 e o máximo de 15; a idea é ofrecer unha atención achegadaao alumnado e o máis personalizada posible. No caso de superar ese número, é recomendable facer un segundo grupo.

7. FORMADOR

Agostiño Iglesias (Lousame, 1984). Son un fotoreporteiro de Vilacoba. O meu traballo céntrase principalmente na sociedade actual e o medioambiente. Xustamente estas últimas semáns déronme unha mención especial no concurso de fotoxornalismo Galicia en Foco pola serie "El perdón de los pecados". Durante os primeiros anos compaxinei a fotografía social e publicitaria con proxectos persoais entre os que destaca unha reportaxe sobre os animais nos circos para Anima Naturalis e Infocircos. En 2015 emprendín unha viaxe por diversos países de Sudamérica nos que, ademáis de traballar como docente de fotografía levei a cabo unha reportaxe sobre a súa cultura e idiosincrasia. Á volta en Galicia, seguí a impartir cursos e a facer distintos encargos (de fotografía e vídeo) para organizacións e asociacións como Greenpeace España, Verdegaiá, Colabora Birmania, etc. e para as revistas Tempos Novos e Luzes, con traballos como "1-O: Referendum in Catalonia" ou "Materia Prima". Actualmente colaboro cos periódicos La Voz de Galicia, principalmente, e Faro de Vigo (puntualmente) ademáis de estar desenrolando dous proxectos de creación propia a longo prazo, "Animal Animal" e "Turistán". Se desexades ver parte do meu traballo podedes entrar en www.agos.gal e/ou en Instagram na conta Agostime.